

# MAIS ALÓ DUNHA FESTA. PATRIMONIO, IDENTIDADE E COHESIÓN SOCIAL A TRAVÉS DO ARDE LUCUS

MORE THAN A FESTIVAL:  
HERITAGE, IDENTITY AND SOCIAL COHESION THROUGH ARDE LUCUS

José Carlos Sánchez Pardo

Universidade de Santiago de Compostela

ORCID: 0000-0003-2899-4951

**Resumo:** O Arde Lucus consolidouse como unha das festas de recreación histórica máis emblemáticas e exitosas do seu xénero na Península Ibérica, destacando pola súa capacidade de convocatoria, o seu impacto económico e sobre todo, pola profunda implicación da sociedade lucense na recreación do seu pasado castrexo-romano. Este tipo de festas son propicias para analizar como se constrúen as percepcións do pasado en sociedade. Non se trata en absoluto de xulgar, senón de observar e analizar como a nosa sociedade se apropia, recrea e reinventa o pasado. Desde esa óptica nas seguintes páxinas trataremos de afondar na festa do Arde Lucus, explorando a súa relación co patrimonio, a identidade e a cohesión social. Para iso, faremos primeiro un breve repaso pola arqueoloxía do Lugo romano, para logo incidir nas características comúns e distintivas que presenta o Arde Lucus con respecto a outras festas de recreación histórica en España. Finalmente, reflexionarase sobre a implicación da sociedade actual nesta festa, subliñando como os cidadáns se converten en actores activos na construción e vivencia da súa propia historia.

**Abstract:** Arde Lucus has become established as one of the most emblematic and successful historical re-enactment festivals of its kind in the Iberian Peninsula, notably through its ability to attract visitors, economic impact and, above all, the deep involvement of the people of Lugo in

the re-enactment of their Galaico-Roman past. Festivals of this kind are ideal for analysing how perceptions of the past are constructed in society. It is not a question of judging, but rather of observing and analysing how our society appropriates, recreates and reinvents the past.

From this perspective, in the following pages I shall try to delve deeper into the Arde Lucus festival by exploring its relationship with heritage, identity and social cohesion. In order to do so, I will first examine briefly the archaeology of Roman Lugo, before focusing on the common and distinctive features of Arde Lucus compared to other historical re-enactment festivals in Spain. Finally, I will reflect on the involvement of today's society in this festival, highlighting how citizens become active participants in the construction and experience of their own history.

**Palabras chave:** recreación histórica, Lugo, arqueoloxía, pasado simbólico, Gallaecia.

**Key words:** Historic recreation, Lugo, Archaeology, Symbolic Past, Gallaecia.

## INTRODUCCIÓN

A recreación histórica emerxeu nas últimas décadas como un fenómeno cultural e turístico de notable proliferación en Europa, gañando visibilidade e participación cidadá a medida que o interese público polo pasado se intensifica. Estes eventos, lonxe de ser meros espectáculos, convértense en escenarios sociais complexos onde converxen procesos sociopolíticos e económicos, e onde a memoria colectiva se constrúe e reproduce de xeitos diversos (Alonso e González 2013; Alba e Requena 2020; Belloso Martín 2021). En Galicia este tipo de festas prolifera con exemplos tan destacados como a Festa da Arribada en Baiona, a Festa da Istoría en Ribadavia ou o Arde Lucus en Lugo. O Arde Lucus, en particular, consolidouse como unha das manifestacións máis emblemáticas e exitosas do seu xénero na Península Ibérica, destacando pola súa capacidade de convocatoria, o seu impacto económico e sobre todo, pola profunda implicación da sociedade lucense na recreación do seu pasado castrexo-romano.

Este tipo de festas son propicias para analizar como se constrúen as percepcións do pasado en sociedade. Non se trata en absoluto de xulgar, senón de observar e analizar como a nosa sociedade se apropia, recrea e reinventa o pasado. Desde esa óptica, nas seguintes páxinas trataremos de afondar

na festa do Arde Lucus, explorando a súa relación co patrimonio, a identidade e a cohesión social. Para iso, faremos primeiro un breve repaso pola arqueoloxía do Lugo romano, para logo incidir nas características comúns e distintivas que presenta o Arde Lucus con respecto a outras festas de recreación histórica en España. Finalmente, reflexionarase sobre a implicación da sociedade actual nesta festa, subliñando como os cidadáns se converten en actores activos na construción e vivencia da súa propia historia.

## UN BREVÍSIMO REPASO POLA ARQUEOLOXÍA DE LUCUS AUGUSTI

A cidade de Lugo, coñecida na antigüidade como *Lucus Augusti*, foi fundada entre os anos 15 e 13 a. C. por Paulo Fabio Máximo, o que a converte na urbe máis antiga de Galicia. A cidade xurdiu como a capital do *conventus iuridicus Lucensis* e transformouse así nun importante centro administrativo, relixioso, xurídico e económico, ademais de ser un epicentro viario e foco de romanización no noroeste peninsular (Carreño Gascón 2017; Folgueira Ríos 2020).

O esquema urbanístico inicial axústase a un plan regulador modélico, cun trazado urbano ortogonal que segue estritamente os canons romanos da época de Augusto, desenvolvido por Paulo Fabio Máximo. Aínda que diversos autores sostiñan que a cidade se fundara sobre un antigo campamento militar, estudos máis recentes consideran que foi unha fundación *ex novo* (Folgueira Ríos 2020).

As escavacións arqueolóxicas, que se intensificaron a partir de 1986, revelaron a complexa planificación da cidade. Os vestixios máis antigos, datados entre Augusto e Tiberio, inclúen eixes viarios (os *cardines* e *decumani*), un sistema de drenaxe e a trama de cuarteiróns. Identificáronse estruturas subterráneas como canles e unha gran cloaca baixo o *decumanus maximus* xa no Alto Imperio. O abastecemento de auga á cidade realizábase mediante un acueduto dende Agro do Castiñeiro e un *castellum diuisorium aquae* na praza de San Domingos.

A investigación arqueolóxica revelou indicios deste primeiro urbanismo. Por exemplo, na rúa do Progreso 28, identificáronse os primeiros niveis de ocupación, datados a principios do século I d. C., suxerindo a proximidade co foro. Na rúa de San Marcos atopáronse restos dun robusto acueduto. O foro romano, centro vital da cidade, situaríase na área urbana comprendida entre as rúas da Raíña, O Progreso, praza do Campo Castelo e praza de San Domingos (Carreño Gascón 2017).

Entre os séculos III e IV a cidade experimentou importantes reformas urbanísticas, principalmente motivadas pola construción dunha gran muralla defensiva. Esta muralla, de máis de dous quilómetros de extensión e que orixinalmente contaba con 85 torres, é a única muralla romana na Península Ibérica que conservou integramente o seu perímetro (Rodríguez Colmenero 2007). Foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000.

Ademais da muralla, o urbanismo baixoimperial da cidade incluía un sistema de cloacas que garantían a salubridade das rúas e tamén unha potente industria oleira (Folgueira Ríos 2020). Outros vestixios deste período inclúen termas, mosaicos e hipocaustos (sistemas de calefacción) que dan conta da construción dalgúns prestixiosas casas urbanas.

Tras a fin do imperio romano prodúcese unha ruralización progresiva á que Lugo non foi allea. A pesar disto, a cidade mantivo a súa importancia, converténdose en sede episcopal coa consolidación do cristianismo.

No referente aos enterramentos, entre os séculos IV e VI houbo un cambio significativo da cremación á inhumación, e introducíronse tumbas dentro do recinto urbano (*in ambitos murorum*), fronte á tradición romana anterior de realizar os enterramentos fóra do núcleo urbano. A necrópole romana descuberta na antiga cadea de Lugo (Vello Cárcere) e outras necrópoles tardorromanas, como a do Campo da Feira, son exemplos importantes para o estudo das prácticas funerarias e a cristianización da Gallaecia (Blanco-Torrejón *et al.* 2021).

A cidade de Lugo realizou nos últimos decenios un importante esforzo na recuperación e posta en valor deste rico patrimonio romano, coa creación de centros e xanelas arqueolóxicas. Diversos xacementos son visitables na cidade, como a Casa dos Mosaicos na rúa Doutor Castro, a *Domus do Mitreo* fronte á catedral ou o a necrópole de San Roque. Ademais, o programa ROMA EN LUGO – ARDE LVCVS busca rememorar o pasado romano da cidade nunha simbiose lúdico-cultural, contribuíndo á difusión e recuperación do patrimonio histórico e cultural. Lugo foi recoñecida pola súa boa práctica na implementación da Axenda 21 da Cultura.

Por todo o visto, é claro que Lugo é un museo vivo onde o pasado romano está presente en cada recuncho. A súa historia e o seu patrimonio arqueolóxico, dende a súa fundación planificada ata a impresionante muralla, fan da cidade un lugar senlleiro para comprender a romanización de Galicia e as transformacións sociais ao longo dos séculos.

## O AUXE DAS FESTAS DE RECREACIÓN HISTÓRICA

O auxe das festas de recreación histórica en boa parte de España nas últimas dúas décadas é innegable, cun aumento tanto no número de eventos coma na súa visibilidade e participación cidadá. Este fenómeno, similar ao doutros países europeos e anglosaxóns, vincúlase estreitamente co turismo cultural (Alba e Requena 2020).

A recreación histórica, ou “re-enactment” segundo a terminoloxía anglosaxoa, enténdese como a reconstrución en vivo dun feito histórico, buscando achegar a historia de forma visual e atractiva a todos os públicos. Estas escenificacións son reflexo de múltiples aspectos históricos, turísticos, económicos, culturais, sociolóxicos e antropolóxicos, e por iso poden valorarse dende unha perspectiva multidisciplinar. O seu fundamento reside no interese pola historia e por dar a coñecer o pasado. Moitos eventos mantéñense ininterrompidamente grazas ao alto grao de implicación dos habitantes locais na organización, o que converte o participante nun “actor” da historia, abandonando o seu papel de espectador pasivo. Os recreadores son, na súa inmensa maioría, entusiastas da historia que costean o seu propio material e gastos, investindo incontables horas de investigación histórica aplicada (Belloso Martín 2021).

A poboación local e os grupos visitantes vístense de época e escenifican actos que recrean acontecementos históricos, como batallas, cerimoniais rituais e desfiles. Estes eventos adoitan mesturar o rigor histórico coa busca de entretemento e un ambiente festivo, incluíndo banquetes, bailes, vida nocturna, mercados de época, competicións deportivas, xogos infantís e concertos. Tamén se organizan actividades culturais, como encontros, conferencias ou exposicións sobre os acontecementos e o período histórico. Xeralmente, están organizadas por unha asociación cultural local, co apoio de concellos e institucións rexionais, ademais do comercio local. O apoio e difusión dado polos medios de comunicación e as institucións públicas foi clave para o seu auxe, e moitos destes eventos obtiveron declaracións de interese turístico.

Un dos debates máis polémicos sobre estas festas é o do rigor histórico e a súa calidade (Belloso Martín 2021). As recreacións históricas, entendidas como reconstrucións do pasado, diferéncianse das simples “festas históricas” ou “mercados medievais”, que teñen un carácter máis lúdico e escaso rigor. As recreacións máis rigorosas implican investigación e busca nas fontes, análise das mesmas con contextualización do período ou feitos que recrear, e reconstrución en vivo con todo luxo de detalles. Exemplos de calidade serían Tarraco Viva e o propio Arde Lucus. A Asociación Española

de Fiestas y Recreaciones Históricas (AEFRH) xoga un papel importante na uniformización de prácticas e no fomento da visibilidade pública e o rigor, esixindo un informe previo dun asesor histórico para o ingreso.

As recreacións son xeradoras de riqueza, pero tamén de beneficios sociais relacionados co benestar dos cidadáns, a cohesión social e o desenvolvemento de valores cívicos. Tamén serven como instrumento de recuperación dun patrimonio intanxible e de divulgación da historia e cultura local. E tamén serven, como veremos nas seguintes páxinas, como catalizadoras de sentimentos de identidade e pertenza. É por iso que é habitual a escolla dun período histórico de especial significación na visión do seu pasado que ten cada cidade, lugar ou comarca. No caso das festas que recrean o enfrontamento entre indíxenas e romanos, a resistencia dos grupos indíxenas fronte ao invasor romano é un recurso que exalta valores cos que os distintos nacionalismos se vinculan simbolicamente. Créase unha narrativa onde o “indíxena” representa o guerreiro local arraigado que loita contra un “outro” hexemónico, sexan romanos ou sexan outras identidades hexemónicas contemporáneas (Alonso e González 2013).

## AS CLAVES DO ÉXITO DO ARDE LUCUS

Dentro deste contexto de auxe das festas de recreación histórica en España e Europa, o Arde Lucus ocupa sen dúbida un lugar moi destacado, non só polo seu fortísimo éxito senón, sobre todo, pola fonda implicación da sociedade local neste evento.

O Arde Lucus naceu no ano 2001 e desde entón experimentou un rapidísimo crecemento acompañado dunha enorme capacidade de convocatoria de público. Efectivamente, a afluencia de público é masiva, con estimacións que superaron as 200 000 persoas en 2024, segundo a súa propia web, un número impresionante que reflicte o gran poder de convocatoria dunha festa tan recente. Esta altísima afluencia de público do Arde Lucus xera un impacto económico significativo non só durante os días da celebración, senón tamén nos meses previos. A ocupación hoteleira foi do 100% en 2024, e o evento impulsa sectores como a hostalería, o comercio local, a distribución de alimentos e o transporte persoal.

Tamén xera un alto impacto dixital, algo que hoxe é fundamental para medir o repercusión social dunha festa. Nese sentido, o impacto do Arde Lucus nas redes sociais é realmente elevado. En 2019 superaba os 37 000 seguidores en redes sociais, con máis de 163 000 interaccións en Facebook.

En 2024, as publicacións superaron os 850 000 impactos e as visualizacións rozaron o millón.<sup>1</sup>

No ano 2019 o Arde Lucus cumpriu a súa maioría de idade co recoñecemento de Festa de Interese Turístico Nacional. Máis recentemente, en 2024, consolidou a súa proxección internacional ao acadar a categoría de Festa de Interese Turístico Internacional, un fito que subliña a súa relevancia fóra das fronteiras galegas e españolas.

Como explicar este forte éxito do Arde Lucus? Na nosa opinión, debemos considerar tres factores interrelacionados:

En primeiro lugar, a necesidade de referentes de identidade nun contexto de globalización e fortes cambios. No imaxinario colectivo hai unha idealización do pasado (romanticismo histórico) como tempo glorioso da que emana nostalxia, orgullo local e identidade. Nese sentido, o Arde Lucus non só revive o pasado senón que o reinterpreta e converte en presente.

En segundo lugar, o crecemento da concienciación social sobre o patrimonio. Efectivamente, o Arde Lucus sería impensable hai 50 anos; en cambio, naceu tras a declaración pola UNESCO da muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, no ano 2000, momento no que aumenta a conciencia cidadá sobre o pasado.

E finalmente, a fonda implicación da propia cidade, a través das múltiples asociacións locais que buscan ademais unha alta fidelidade e calidade na recreación. No Arde Lucus detéctase unha crecente dedicación do tecido asociativo a enriquecer e mellorar a calidade da festa, con coidadas e fieis recreacións da vida castrexa e romana. Hai un enorme esforzo de múltiples asociacións de base, apoiadas polas administracións. Ademais é importante recordar que a festa non se limita unicamente á recreación romana, senón que abrangue, e cada ano con mais forza, a vida castrexa. Esta dualidade pon en valor as culturas prerromanas da Gallaecia, os “castrexos”, xunto á influencia de Roma que deu orixe á cidade de Lugo.

Nesta implicación e identificación da sociedade lucense no Arde Lucus imos centrarnos a partir de agora.

---

1 <https://ardelucus.com/es/masiva-afluencia-publico-arde-lucus-2024>

## CIDADANÍA, IDENTIDADE E PATRIMONIO NA FESTA DO ARDE LUCUS

Como dicíamos, a implicación da sociedade actual, que transforma os cidadáns e demais asistentes de meros espectadores en protagonistas activos dunha historia viva, é un dos piares fundamentais da festa do Arde Lucus. Esta participación vai máis aló da simple vestimenta histórica (non debemos dicir disfrace, como ben fun advertido na charla que deu orixe a esta publicación), estendéndose á construción da identidade colectiva, á cohesión social e mesmo á negociación de discursos históricos.

O auxe das recreacións históricas en España, incluído o Arde Lucus, vai ligado a un crecente interese da cidadanía polo pasado e a súa escenificación na esfera pública (Belloso Martín 2021; Alonso e González 2013). Hai que lembrar que os recreadores non son figurantes nin actores a soldo; son entusiastas da historia que realizan un grande investimento en material e incontables horas de investigación histórica aplicada en infinidade de detalles da súa vestimenta, equipo etc.

As festas de recreación histórica, nese sentido, funcionan como un exercicio de memoria colectiva onde se toman decisións, conscientes e inconscientes, sobre o que se preserva ou lembra e o que se ignora. Contribúen a reforzar os vínculos sociais dunha comunidade realzando a identidade, as tradicións, a súa historia. No caso do Arde Lucus, a recreación da vida castrexa e romana contribúe á construción dunha identidade local que se nutre do seu pasado.

Así entendido, o Arde Lucus non só revive o pasado, senón que o reinterpretar e o converte en presente. Pero tamén favorece a transmisión de ideoloxías contemporáneas que, proxectadas ao pasado, terminan por naturalizar actitudes, identidades e axendas políticas do presente (Alonso e González 2013). O Arde Lucus, como outras festas de recreación histórica, vincúlase a procesos de construción identitaria e á “invención da tradición” para lexitimar novas estruturas administrativas ou reforzar a cohesión social interna, algo especialmente importante en tempos de globalización e fortes cambios como os actuais.

Non obstante, como ben teñen demostrado Pablo Alonso e David González, esta construción de identidade non está exenta de simplificacións. A recreación do pasado tende a proxectar o “sentido común” do presente, enchendo a narración de anacronismos e binarismos como bos/malos, progreso/atraso, civilización/barbarie. Ademais, as narrativas adoitan basearse acriticamente en textos de autores latinos como Plinio ou Estrabón,

ignorando as súas claras motivacións políticas ao servizo de Roma e o seu marcado nesgo etnocéntrico. Neses relatos, a representación do indíxena constrúese a miúdo como un “outro cultural” en oposición ao romano, reproducindo dicotomías como barbarie/civilización, primitivismo/modernidade, nativos/estranxeiros etc. Esta redución da complexidade do pasado resulta en representacións idealizadas ou estereotipadas, como a exclusiva aparición de elites guerreiras no caso indíxena, con escasa diferenciación de roles ou xéneros (Alonso e González 2013).

A pesar destas simplificacións, o Arde Lucus, ao igual que outras recreacións, ofrece un espazo onde a sociedade toma contacto con acontecementos históricos que, por regra xeral, son fitos destacados na historia (e épica) local ou rexional. A “cultura histórica” do público, é dicir, as formas nas que o pasado se presenta na vida cotiá, fomenta e guía as identidades colectivas.

Tradicionalmente, o mundo académico mirou con receo este tipo de eventos históricos, co conseguinte distanciamento. O dubidoso rigor histórico dalgunhas delas e as súas implicacións identitarias motivaron unha actitude crítica. Non obstante, como indica Carlos Belloso, o éxito da recreación histórica presenta numerosos riscos se non se establecen unhas canles de comunicación e colaboración entre os grupos de recreación, a universidade e as institucións públicas (Belloso Martín 2021). A ausencia de arqueólogos na esfera pública abre a porta á apropiación xeneralizada do pasado que subxace ás axendas nacionalistas contemporáneas de todo tipo. En todo caso, hai que sinalar que o Arde Lucus é posiblemente unha das festas mellor asesoradas neste sentido, coa participación de arqueólogos do Museo Provincial de Lugo.

A festa do Arde Lucus é unha expresión viva da implicación profunda da sociedade lucense co seu pasado e a súa identidade. Os cidadáns de Lugo, ao vestirse de época e recrear a vida castrexa e romana convértense en “actores da historia”, vivíndoa cos cinco sentidos e creando un espazo de memoria colectiva. Esta “historia vivinte” permite unha conexión emocional e directa co pasado que supera calquera explicación escrita ou visual tradicional. O orgullo e o sentido de pertenza que xera a festa contribúen directamente á cohesión social, unindo persoas de todas as idades e condicións nun proxecto común. Cando revivimos e reinterpretamos o pasado gañamos conexión emocional, orgullo local, revitalización cultural. Ofrece sentido ó presente e proporciona raíces, sexan ou non verdadeiras.

Recapitulando, pensamos que o enorme éxito do Arde Lucus se debe a que existía un nicho ou demanda social, consciente ou inconsciente, que a

propia cidadanía, asociacións, e administración souberon detectar, canalizar e materializar. A forza desta festa é polo tanto un espello das nosas necesidades e intereses actuais como sociedade, reflexo da nosa busca de comunidade, raíces e sentido colectivo.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alba Pagán, Ester e Requena Jiménez, Miguel (2020). La recreación histórica como historia publica: reflexiones en torno a su inclusión en el debate académico. *Hispania Nova*. 1 (Extraordinario), 186-217. DOI: 10.20318/hn.2020.5370
- Alonso González, Pablo e González Álvarez, David (2013). Construyendo el pasado, reproduciendo el presente: identidad y arqueología en las recreaciones históricas de indígenas contra romanos en el Noroeste de España. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. LXVIII (2), 305-330. DOI: 10.3989/rdtp.2013.02.013
- Belloso Martín, Carlos (2021). Investigaciones y debates en torno a las recreaciones históricas. En: Joaquín Díaz, Salvador Rodríguez Becerra e María Pilar Panero García, coords. *Pensar la tradición: homenaje al profesor José Luis Alonso Ponga*. Valladolid: Diputación Provincial de Valladolid, Fundación Joaquín Díaz, Universidad de Valladolid, 951-979.
- Blanco-Torrejón, Laura; Valle Abad, Patricia; e Sánchez Pardo, José Carlos (2021). La “cristianización” de los enterramientos en la Galicia tardoantigua. Una comparación entre las necrópolis de Lugo y Vigo (siglos IV-VI). *Gerión. Revista de Historia Antigua*. 39 (2), 747-774. DOI: 10.5209/geri.78126
- Carreño Gascón, María Covadonga (2017). El foro romano de Lucus Augusti. Primicias de su descubrimiento. En: Alicia Ruiz-Gutiérrez e Carolina Cortés Bárcena, eds. *Memoriae civitatum. Arqueología y epigrafía de la ciudad romana: estudios en homenaje a José Manuel Iglesias Gil*. Santander: Universidad de Cantabria, 431-460.
- Folgueira Ríos, Francisco (2020). *O urbanismo de Lucus Augusti: uma nova perspectiva de análise*. Dissertação de Mestrado. Universidade do Minho.
- Rodríguez Colmenero, Antonio (2007). La muralla romana de Lugo, gran bastión defensivo en los confines del imperio: análisis de conjunto. En: Antonio Rodríguez Colmenero e Isabel Rodà de Llanza, eds. *Murallas de ciudades romanas en el Occidente del Imperio. Lucus Augusti como paradigma*. *Actas del Congreso Internacional (26-29. XI. 2005)*. Lugo: Deputación de Lugo, Museo Provincial de Lugo, 217-254.